

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CLUBE PRAIA DE PANTÍN, POLA DIFUSIÓN NO GALICIA CLASSIC SURF PRO DAS CAMPAÑAS INSTITUCIONAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

REUNIDOS

Dunha banda, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a entidade Clube Praia de Pantín, co NIF G70177910 representada por D. Miguel A. Galeiras Piñón, que actúa en nome e representación da entidade, en virtude da súa condición de representante legal, de acordo co nomeamento outorgado e segundo o disposto nos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero.

Segundo.- Que o artigo 41.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, dispón que a Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos que teñan como finalidade fundamental a súa explotación sexual no territorio da nosa comunidade autónoma, establecendo que esa loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección,



atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas do tráfico de explotación sexual.

Terceiro.- Que o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, considera como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e o artigo 47.1 establece que os centros e servizos que conforman os recursos de asistencia integral ás mulleres que sofren violencia de xénero teñen como finalidade básica achegarlles axuda e asistencia directa ás mulleres e ás persoas delas dependentes, e apoialas na procura de solucións dos conflitos que derivan da violencia.

Cuarto.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos. A súa prevención e erradicación compete aos poderes públicos, que teñen a obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

Quinto.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluían un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.



Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e para mellorar na resposta que, desde as Institucións, se proporciona ás mulleres vítimas e ás súas fillas e fillos menores. De xeito máis concreto, o eixo 1 do Pacto, recolle medidas dirixidas a posibilitar a ruptura do silencio mediante o fomento de accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Sexto.-Que a medidas 24 e 26 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero recollen a necesidade de desenvolver campañas de prevención e sensibilización con mensaxes positivos, unitarios e adaptados ás exixencias de cada momento, implicando á sociedade no seu conxunto, e elixindo os momentos máis favorables para a súa difusión, como por exemplo, os veráns, campañas que terán como público obxectivo aos mozos e mozas, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e a comunicación.

Sétimo - Que a entidade Clube Praia de Pantín organiza e desenvolve a Galicia Classic Surf Pro, un campionato mundial considerado como un dos principais eventos internacionais deportivos de Surf, que conta cun público moi numeroso, maiormente xente moza. Na edición do ano 2021 celebrada entre o 24 de xuño e 6 de xullo dita entidade contou cun espazo específico para proporcionar información e difundir campañas de prevención e sensibilización contra a violencia de xénero e as agresións sexuais.

Oitavo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de



Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder realizar e ofertar as mozas e mozos campañas que teñan como público obxectivo á xente moza utilizando preferentemente as tecnoloxías de información e comunicación, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Clube Praia de Pantín, no apoio a labor de información e difusión que no ámbito da prevención e sensibilización contra a violencia de xénero desenvolveu este Clube no marco do Galicia Classic Surf Pro, campionato mundial do que o Clube é organizador, e que encaixa de maneira clara nas medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en concreto as que se refiren ao desenvolvemento de campañas de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero, que teñen como destinatarios principais as nenas e os nenos, adolescentes e mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes, e que encaixa de maneira clara nas medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero (medidas 24 e 26).

SEGUNDA. Compromisos

No marco stand expositivo específico establecido polo Clube Praia de Pantín en Galicia no evento Classic Surf Pro para proporcionar información sobre prevención da violencia de xénero e difundir campañas, o dito Clube difundiu a través de soportes físicos e dixitais as campañas contra a violencia de xénero da Xunta de Galicia, integrándoas nos soportes utilizados e nas ferramentas de marketing dixital do evento, activando as ditas campañas tamén en redes sociais: realización e distribución de



material informativo e activación e publicacións relativas ás campañas da Secretaría Xeral da Igualdade en redes sociais oficiais do evento.

TERCEIRA. Orzamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará ao Clube Praia de Pantín, a cantidade total de 30.000 € (trinta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.313D.480.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, para os gastos efectivamente realizados no exercicio 2021, derivados da posta en marcha e funcionamento das accións sinaladas na cláusula segunda.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA. Xustificación e pagamento

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1. Memoria de actuación**, suscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes, número de accións de difusión e un resumo global dos resultados obtidos. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Secretaría Xeral da Igualdade.
- 2. Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- 3. Copias das facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior **e a documentación acreditativa do pagamento**. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.



4. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
5. **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
6. **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula terceira deste convenio e sempre que se cumprira coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de outubro de 2021. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **30 de outubro de 2021**.

Quinta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia



A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requiríraselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sexta- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola



Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Sétima.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Oitava.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.



De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Novena.- Compromiso das partes

O Clube Praia de Pantín como condición para poder ser beneficiario da subvención, deberá acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A realización das actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias deste programa.
- A divulgación das actuacións segundo as instrucións da Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade o logotipo da Xunta de Galicia, do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo os logotipos sinalados).



- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar



ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral da Igualdade.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

Décima.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector



público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría, e polo Clube Praia de Pantín, o seu presidente ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro,



de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á



Base de Datos Nacional de Subvencions, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencions

Décimo sétima.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a entidade Clube Praia de Pantín, en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

Décimo oitava.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 30 de outubro de 2021.

Para que conste e para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan electronicamente o presente acordo de colaboración.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E
IGUALDADE

O PRESIDENTE DO CLUBE
PRAIA DE PANTÍN

María Jesús Lorenzana Somoza

Miguel A. Galeiras Piñón

